

Edición xeral

Continúa a súa andaina

"A mariñeira" de Antón Dobao, en tres novos festivais europeos

O telefilme do director lucense vén de ser seleccionado en mostras de Berlín, Bulgaria e Ourense.

Redacción - 09:50 04/09/2008

[A produción](#), baseada na obra de Darío Xohán Cabana que leva por nome "A mariñeira de Quilmas", continúa a súa andaina polos festivais de máis prestixio. Desta volta o filme saíu seleccionado para os festivais Prix Europa, O Festival de Cine de Ourense e o Golden Chest Festival de Bulgaria.

Logo de acadar o premio de Ouro na 41 edición do [WorldFest Houston Film Festival](#), o máis antigo do mundo de cine e vídeo independente- o telefilme dirixido por [Antón Dobao](#) continúa viaxando por Europa, chamado dos máis prestixiosos festivais de cine.

No [Prix Europa](#) de Berlín foi seleccionado fóra de competición, no [Festival de Cine de Ourense](#) entrou no marco da sección Memoria Histórica e no [Golden Chest Festival](#) de Bulgaria ha ser proxectada o día 24 de setembro na presenza da súa protagonista, Camila Bossa e un representante da TVG. En todas as citas será proxectada na súa lingua orixinal, o galego, e con subtítulos.

Esta longametraxe para televisión filmada está baseado nun relato de Darío Xohán Cabana titulado "A Mariñeira de Quilmas" e pertence ao proxecto *Un mundo de historias*, unha liña de traballo organizada arredor da translación a imaxes de obras da literatura galega.

"A Mariñeira" foi producido por [Ficción Produccións](#), [TVG](#), a [Consellería de Cultura](#), [Diagonal TV](#), a [Televisió de Catalunya](#) e o [ICIC](#) (Institut Català de les Indústries Culturals). A rodaxe levouse a cabo nas localidades de Quilmas, O Pindo, Corcubión e Dumbría.